




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Noia ao norte, Porto do Son ao sur, e Lousame ao sueste. Parroquias: en Noia San Pedro de Boa, a maior parte, e Santa María de Argalo nunha estreita franxa ao leste; en Porto do Son San Martiño de Miñortos, e ao sueste San Xoán de Camboño en Lousame. Extensión: 4,11 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade presenta unha costa de alternancia rochosa e de depósitos areosos sedimentarios. Ao norte dominan as formacións costeiras baixas, influenciadas polo tipo de litoloxía detrítica que compón o terreo. Ao sur, en cambio, a presenza dunha xeoloxía máis resistente á erosión, composta por material granítico, explica a aparición de salientes rochosos como o de Punta Batuda. Cara ao interior, a estreita franxa paralela á costa que ocupa a chaira litoral, internase cara ao sueste aproveitando a disposición dunha banda de materiais metamórficos.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A situación da unidade, na ladeira setentrional da liña divisoria de augas do Alto de San Luís, que verte principalmente cara ás cuncas do leste e do oeste, limita os cursos fluviais desta área. Trátase só de pequenos arrosos que forman pequenas valgadas no seu camiño ás Augas de Transición 20474.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual por enriba de 14°C, precipitacións acumuladas durante o ano de 1200 mm a 1400 mm, e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido cunha variante Moi Húmida no extremo leste da unidade, no Alto de San Luís, onde se chegan a rexistrar entre 1400 mm e 1600 mm de precipitación media anual.

OS SOLOS

A situación da unidade, na ladeira setentrional da liña divisoria de augas do Alto de San Luís, que verte principalmente cara ás cuncas do leste e do oeste, limita os cursos fluviais desta área. Trátase só de pequenos arrosos que forman pequenas valgadas no seu camiño ás Augas de Transición 20474.


AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade redúcese á presenza de pequenos cursos fluviais que percorren as ladeiras das liñas de cumios situados ao leste cara ao mar e desembocan nas distintas praias da franxa costeira. Destaca o regueiro de Hornando, ao sur da unidade, nas Augas Costeiras da Ría de Muros e Noia (20174), aínda que tamén existe outro pequeno arrosio que chega á praia de Boa, nas Augas de Transición do Esteiro do Tambre (20474).

O PATRIMONIO NATURAL

O LIC Esteiro do Tambre ten en conta a liña de costa entre Punta Mexilloiro ata Punta do Cabalo. Fronte mixta con tramos máis areosos e outros máis rochosos mantendo o carácter mixto en todo o traxecto. Aparece así o hábitat 1230 de acantilados mariños atlánticos, o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados e, unha pequena área dunar (grupo 21, dunas marítimas atlánticas) moi degradada na praia de Ornanda. A nivel arboredo, existen as pequenas formacións de frondosas recolonizando a partir de campos de cultivo, pero as máis importantes teñen, en realidade, un gran fundamento en suaves valgadas na chaira costeira, as cales desaugan nas praias e achegan unha hidromorfía clara. É o caso dos arrosos que verten nas praias de Boa Pequena, Boa Grande, que contan con masas de relativa importancia e o Río Ornanda que ten un bosque de ribeira de maior importancia.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Alternancia de praias con acantilados rochosos na fachada costeira. O areal máis importante constitúeo o de Hornanda, propiciando o desenvolvemento de actividades de ocio como o cámping e o uso hoteleiro. Na franxa costeira predominan as vivendas de uso residencial que se alternan cos espazos ocupados por parcelas dedicadas ao cultivo agrícola. Na Punta de Cabalo Baixo sitúase o porto de Boa que relaciona a unidade coa actividade marítimo pesqueira predominante na comarca. Existen formacións de frondosas autóctonas colonizadoras, matogueira de substitución e masas mixtas de piñeiros e eucaliptos mesturadas cos usos anteriormente descritos ata o punto de que o uso forestal chegou a ocupar as ladeiras montañosas con especies procedentes de repoboación. O uso industrial tamén figura coa presenza dunha planta coxeneradora. Destacar por último a importancia dos seus bancos marisqueiros de ostra e ameixa.

MORFOLOXÍA

Todos os asentamentos se producen arredor da estrada AC-550. Os núcleos tradicionais (O Sino, A Corredoira, Boiro, A Amoreira, Linteiros, Bouza, etc) están nun segundo plano dende a fachada costeira con respecto aos asentamentos espontáneos espaxados ao longo da estrada AC-550. Aínda que os primeiros responden ao modelo ocupacional do territorio con vivendas de baixo e planta vinculadas ao parceiro agrícola, as segundas están máis orientadas ao uso de primeira e segunda residencia para o gozo das vistas e a comodidade das súas localizacións na franxa costeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 transcorre polo litoral enlazando as distintas poboacións da comarca. Dende esta vía ramifícanse outras estradas para dar acceso ás praias e vivendas situadas na costa, outras parten cara ao interior para comunicar os núcleos rurais. Na praia de Boa Grande hai accesos peonís de madeira paralelos á liña de costa, con esta mesma tendencia atopamos un camiño de terra que comunica esta praia coa de Hornanda polo litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Repartidos entre as parroquias de Boa e Miñortos destacan o Pazo de Boa, casas e outros elementos construtivos como hórreos e pombais, entre o patrimonio arquitectónico de carácter civil, respecto ao relixioso numerosos cruceiros e as igrexas de Boa, San Martiño e a ermida dos Desamparados. Como patrimonio arqueolóxico os castros de Miñortos e de menor entidade o castro de San Lois.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Ao igual que acontece nas unidades de Muros e Noia os primeiros asentamentos na liña costeira non responden aos patróns tradicionais senón á resposta ante a demanda turística que ofertan as súas praias e a privilexiada situación na primeira liña da costa. O carácter rural persiste grazas aos núcleos tradicionais existentes e a presenza de elevacións montañosas próximas á costa confírenlle unha identidade máis marcada aínda nese sentido.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A situación intermedia das diferentes puntas costeiras entre as praias de Telleira, Cabalo Baixo, Boa Grande e Boa Pequena marcan a pegada nun ámbito óptimo para o gozo de actividades de ocio e do turismo. Os areais ao final dunha chaira costeira que se atopa cun fondo montañoso mostran unha vez máis a típica paisaxe da comarca, cun carácter mixto rural e mariñeiro pero que se orienta cada vez máis cara ao turismo. Posúe ademais un alto valor ecolóxico a franxa costeira dende a Punta de Cabalo Baixo e en dirección norte, xa que está incluída na protección da Rede de Espazos Naturais e a Rede Natura 2000. O LIC Esteiro do Tambre tamén ten en conta a liña de costa entre Punta Mexilloiro ata Punta do Cabalo. Repartidos entre as parroquias de Boa e Miñortos destacan o Pazo de Boa, casas e outros elementos construtivos como hórreos e pombais, entre o patrimonio arquitectónico de carácter civil, respecto ao relixioso numerosos cruceiros e as igrexas de Boa, San Martiño e a ermida dos Desamparados. Como patrimonio arqueolóxico os castros de Miñortos e de menor entidade o castro de San Lois. A situación no Cumio de San Lois, onde se sitúa o castro do mesmo nome é un excelente de punto de observación tanto da unidade como da ría xa que ofrece intervisibilidade entre ambas as dúas marxes da ría.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos na fachada litoral, no tramo comprendido entre Punta Telleira e Punta Gata, co obxectivo de ordear os usos do chan e evitar a implantación de vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións definidas, para obter un espazo estruturado carente de usos espontáneos e libre de barreiras visuais que xeren continuos urbanos ao longo da fronte costeira.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía











Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
<i>Praia / Playa</i>
<i>Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve</i>
<i>Toponimia de costa / Toponimia de costa</i>
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria	 Pista de aterraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto	 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril	 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías	 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras	 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR	



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29

